

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE ADMINISTRATIVA/O, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA E A SÚA FUNCIONARIZACIÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEGISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO

Sendo as 12:10 horas do día 19 de setembro do 2023, reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan para a constitución do tribunal de selección de dúas (2) prazas de administrativa/o, polo sistema de promoción interna e a súa funcionarización.

- Presidencia
 - Suplente: María Elena Sueiro Fernández (secretaría adxunta do Concello de Teo)
- Vogal
 - Titular: María Fernanda Montero Parapar (secretaría do Concello de Catoira)
 - Titular: Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e Tesouraría do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: Luis Enrique Papiri Villanueva (administrativo do Concello de Teo)

De acordo ca base oitava, das que rexen a convocatoria (BOP da provincia de A Coruña nº 69 de data 12 de abril de 2023):

O proceso selectivo iniciarase coa fase de concurso. O tribunal procederá á baremación dos méritos presentados polas persoas aspirantes e unha vez rematada esta fase procederá a publicación das puntuacións no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación da baremación definitiva da fase de concurso.

Rematada a fase de concurso, as persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio da fase de

oposición nun único chamamento, sendo excluídas do concurso - oposición as que non comparecesen, agás nos supostos debidamente xustificadas e apreciados libremente polo tribunal. En todo caso, as causas ou probas xustificativas, formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

O comezo do primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar nun prazo non inferior a dez (10) días hábiles desde a publicación do correspondente anuncio o que indicará, así mesmo, a orde de chamamento das persoas aspirantes, segundo a Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e que para o ano 2023 é a letra "V" (DOG nº 18, do 26 de xaneiro de 2023).

A celebración dos distintos exercicios da fase de oposición deberán respectar un prazo mínimo de corenta oito (48) horas, en tanto que as distintas probas dun mesmo exercicio poderán ter lugar nunha mesma xornada, se así o considerase o tribunal.

(...)

Dáse conta do contido da base novena, das que rexen a convocatoria, referida ao procedemento de selección e cualificación. Segundo a citada base o procedemento de selección será o de concurso – oposición.

O procedemento de selección será o de concurso – oposición e constará dunha fase de oposición e unha fase de concurso.

A) Fase de concurso (máximo 40% da puntuación total do proceso selectivo. Máximo: 40 puntos)

1) Experiencia profesional

A experiencia profesional acreditada conforme ao estipulado na Base Cuarta letra a) das presentes Bases, puntuarase de acordo ao seguinte baremo e ata un máximo de 30 puntos: Por servizos prestados no Concello de Teo, como auxiliar administrativo/a (Grupo C, subgrupo C2), xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral (tanto de carreira/fixo como interino/temporal): 0,40 puntos por cada mes completo de servizos.

Considerarase como mes completo calquera fracción de tempo traballado superior a 15 días.

2) Superación de probas selectivas para acceder á condición de persoal laboral fixo e ata un máximo 2 puntos: 0,5 puntos por cada proba selectiva superada

3) Formación específica/complementaria

Só se valorarán as accións formativas (incluíndo, nas mesmas, os cursos de formación, perfeccionamento e especialización) directamente relacionados coas funcións e perfil profesional propios da praza convocada, e impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologadas por Administracións Públicas ou

entidades ou organismos dependentes das mesmas acreditadas segundo o estipulado na Base Cuarta letra g) destas Bases. A valoración da dita formación realizarase conforme ao seguinte baremo e ata un máximo de 8 puntos.

- Cunha duración de 10 a 50 horas: 1 punto
- Cunha duración de 51 a 100 horas: 2 puntos
- Cunha duración de 101 a 200 horas: 4 puntos
- Cunha duración de 201 a 300 horas: 6 puntos
- Cunha duración superior a 300 horas: 8 puntos

Para a acreditación desta formación deberase achegar o título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa (mediante orixinais ou copias).

Non serán valorados os cursos de menos de 10 horas, nin a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares. No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos deberá constar a data de realización dos mesmos, así como a súa duración (en horas); de non figurar ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos relativos a unha mesma materia (agás que quede claramente diferenciado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións), valorándose, unicamente, o de nivel superior ou avanzado.

B) Fase de oposición (máximo 60% da puntuación total do proceso selectivo. Máximo: 60 puntos)

As probas da fase de oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminatorios e obrigatorios.

1) PRIMEIRO EXERCICIO: (máximo 30 puntos)

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, máis cinco (5) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta, correspondentes ao programa que figura como Anexo II desta Resolución.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O exercicio terá unha duración máxima de oitenta (80) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos, asignándose a cada resposta correcta cincuenta centésimas (0,50) de punto e descontándose cento vinte e cinco milésimas (0,125) de punto por cada resposta incorrecta.



2) SEGUNDO EXERCICIO (máximo 30 puntos)

Consistirá na resolución dun (1) suposto práctico, a elixir entre dúas (2) propostas do órgano de selección, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario que consta no Anexo II desta Resolución, e para o que as persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de sesenta (60) minutos.

Durante o desenvolvemento desta proba os/as aspirantes poderán, en todo momento, facer uso de textos legais sen resolución de casos prácticos. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas que figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples, sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial; estando expresamente prohibida a utilización de libros de consulta, temarios, informes ou ditames de calquera tipo.

Así mesmo, durante a realización deste exercicio non estará permitido o uso de teléfonos móbiles polos/as aspirantes.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos.

3) TERCEIRO exercicio. Proba obrigatoria para quen non acredite o nivel de coñecemento da lingua galega ao que se refire a letra h) da Base terceira.

Consistirá en traducir un texto, facilitado polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, e sen axuda de dicionario, do castelán ao galego. Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos e cualificará ás persoas aspirantes como "apta" ou "non apta", correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apta; quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden dita cualificación de apta.

C) Cualificación definitiva

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas na fase de oposición e a obtida na fase de concurso; e servirá para elaborar a relación de aprobados (no caso de existir máis aspirantes que prazas convocadas), por orde de puntuación.

No caso de empate na puntuación total do concurso-oposición terase en conta, prioritariamente, a puntuación obtida na fase de oposición.

No caso de que persista o empate, resolverase a favor da persoa aspirante de maior antigüidade.

De seguir manténdose, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023: letra "V", segunda a Resolución do 23 de xaneiro de 2023, anteriormente citada. Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será

tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será o "C"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

De acordo co exposto e segundo o previsto nas bases oitava e novena das que rexen a convocatoria, e vistos o méritos presentados polos aspirantes, o tribunal **acorda**:



Primeiro: Valorar os méritos na fase de concurso das persoas aspirantes outorgando as seguintes puntuacións:

DATOS			PUNTUACIÓN			
Apelidos	Nome	DNI / NIE	Experiencia profesional (1)	Superación probas selectivas	Formación específica	Total
ARIAS DÍAZ	ANA MARÍA	***7522**	30	1	8	39
BOUZAS PIÑEIRO	MARÍA JESÚS	***0678**	30	1,5	8	39,5

(1) En cumprimento do apartado un da base novena, para a valoración da experiencia laboral, soamente se tiveron en conta as fraccións de tempo traballado superiores a 15 días.

Segundo: Á vista das puntuacións obtidas no proceso selectivo e atendendo ao estipulado na base oitava das que rexen a convocatoria, na que se indica o desenvolvemento das probas, procédese á publicación das referidas puntuacións no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Sendo as 12:45 horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidenta  María Elena Sueiro Fernández	Vogal  María Fernanda Montero Parapar
Vogal  Diego Rodríguez Porto	Secretario  Luis Enrique Papiri Villanueva